

Estudo relativo á calidade dietética e nutricional en centros xerontolóxicos de Galicia

Adecuación da dieta, especialmente da graxa alimentaria, ás
recomendacións vixentes e observacións da resposta na condición
física dos residentes

Alberto Cepeda Sáez



Xunta de Galicia e Universidade de Santiago de Compostela

Alberto Cepeda Sáez
Laboratorio de Hixiene, Inspección e
Control de Alimentos. Campus de
Lugo. Maio, 2012

Estudo relativo á calidade dietética e nutricional en centros xerontolóxicos de Galicia

Adecuación da dieta, especialmente da graxa alimentaria, ás
recomendacións vixentes e observacións da resposta na condición
física dos residentes

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Secretaría Xeral de Política Social

Universidade de Santiago de Compostela
Facultade de Veterinaria
Departamento de Química Analítica,
Nutrición e Bromatoloxía
Área de Nutrición e Bromatoloxía

2012

1ª edición, 2012

Autor:

Alberto Cepeda Sáez

Edita:

Xunta de Galicia

Consellería de Traballo e Benestar, Secretaría Xeral de Política Social e

Universidade de Santiago de Compostela

Facultade de Veterinaria, Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía

Área de Nutrición e Bromatoloxía

Laboratorio de Hixiene, Inspección e Control de Alimentos

Índice

1 RESUMO.....	5
1.1 Identificación dos investigadores.....	6
1.2 Centros nos que se realizou o estudo nutricional	6
2 INTRODUCCIÓN	7
3 PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN E MÉTODOS SEGUIDOS	10
3.1 Valoración da alimentación recibida e suplemento posterior.....	10
3.2 Descrición da poboación que se vai estudar.....	11
3.3 Período de estudo	12
3.4 Selección de suxeitos	12
3.5 Criterios de inclusión establecidos	12
3.6 Criterios de exclusión establecidos	12
3.7 Criterios de retirada dos suxeitos.....	13
3.8 Xustificación do tamaño da mostra.....	13
3.9 Medicións e intervencións.....	13
3.10 Análise nutricional dos alimentos subministrados.....	17
3.10.1 Humidade e extracto seco	17
3.10.2 Proteína	18
3.10.3 Graxa	20
3.10.4 Cinzas.....	22
3.10.5 Hidratos de carbono	23
3.10.6 Calorías	23
3.10.7 Perfil lipídico	23
3.11 Selenio en sangue e uñas dos pacientes.....	26

3.12 Determinación das análises clínicas en mostras de sangue	28
3.13 Descrición das medidas tomadas para minimizar ou evitar riscos.....	29
3.14 Seguimento e monitorización.....	29
3.15 Variables de eficacia e análise estatística.....	30
4 SEGURIDADE E POSIBLES EFECTOS ADVERSOS	31
4.1 Consentimento informado.....	31
4.2 Confidencialidade.....	31
5 RESULTADOS E DISCUSIÓN.....	32
5.1 Valoración da dieta inicial nos dous centros estudados.....	32
5.1.1 Valoración da dieta no centro Caser Residencial A Zapateira.....	32
5.1.2 Valoración da dieta no centro residencial Torrente Ballester.....	38
5.2. Estudo da situación nutricional, perfil lipídico e parámetros sanguíneos iniciais dos residentes participantes no estudo.....	49
5.2.1 Estado inicial dos residentes do centro Caser Residencial A Zapateira participantes no estudo.....	49
5.2.2 Estado inicial dos residentes do centro xerontolóxico Torrente Ballester participantes no estudo.....	54
5.3 Intervención nutricional e estudo da súa influencia na situación nutricional, perfil lipídico e parámetros sanguíneos dos residentes participantes no estudo.....	60
5.3.1 Estado final dos residentes do centro Caser Residencial A Zapateira participantes no estudo e comparación cos valores iniciais.....	61
5.3.2 Estado final dos residentes do centro Caser Residencial A Zapateira participantes no estudo e comparación cos valores iniciais.....	73
6. CONCLUSIÓN.....	88
7. AGRADECEMENTOS.....	91
8. BIBLIOGRAFÍA.....	92

1. RESUMO

Un dos factores que máis afectan a calidade de vida dos residentes xerontolóxicos é a nutrición. Unha nutrición equilibrada e acorde coas recomendacións actuais proporciona un mellor estado físico e psíquico e axuda a que a deterioración de ambos sexa menos intensa co paso dos anos. Por este motivo, o obxectivo deste estudo é, nunha primeira fase, analizar a dieta que se lles está a proporcionar aos residentes dun centro xerontolóxico para, posteriormente, corrixir as desviacións que se produzan, especialmente no referente á graxa alimentaria sobre as recomendacións vixentes para a poboación española. Dado que un dos motivos que con frecuencia leva a problemas de malnutrición na poboación xerontolóxica son os defectos de mastigación, parte da alimentación complementaria que se lle subministre será mediante alimentos líquidos, coma os leites enriquecidos.

Posteriormente, estudaranse os efectos que esta intervención nutricional ten sobre a composición corporal, sobre diversos parámetros sanguíneos e sobre a condición cognitiva dos residentes sometidos á intervención. Unha vez coñecida a situación de partida, modificarase a dieta para incluír alimentos que corrixan as desviacións existentes respecto das recomendacións vixentes. Para este fin, estudarase preferentemente un mínimo de 18 residentes que cumpran cos criterios de inclusión e non presenten ningún dos criterios de exclusión que definiremos máis adiante, os cales recibirán unha complementación da súa alimentación, tanto con leite enriquecido en ácidos graxos omega-3 e ácido linoleico conxugado (CLA), coma con alimentos típicos da gastronomía galega. Tanto ao principio coma ao final do ensaio, realizarase un test de condición cognitiva, tomaranse medidas antropométricas para determinar a condición corporal e realizarase unha extracción de sangue para determinar os parámetros sanguíneos sometidos a estudo.

Como xa mencionamos, a intervención terá en conta toda a alimentación subministrada aos residentes, pero farase un especial fincapé no referente á graxa alimentaria, xa que é onde tradicionalmente a dieta das sociedades occidentais presenta uns desequilibrios máis frecuentes, por un exceso no consumo de graxa saturada e ácidos graxos omega-6 e un déficit no consumo de ácidos graxos omega-3, CLA e outros nutrientes relacionados coa capacidade antioxidante, como é o caso do selenio. A composición lipídica da dieta administrada determínase por táboas de composición de alimentos para os alimentos individuais e analízanse por cromatografía de gases aqueles alimentos nos que, debido á complexidade da súa composición, resulte difícil unha determinación axeitada do seu perfil lipídico. A suplementación necesaria de ácidos graxos omega-3, CLA e selenio realizarase a través dun leite enriquecido de xeito natural neste tipo de ácidos graxos, ademais de poder incluír, de ser necesario, alimentos mariños típicos da zona, dos que se coñece un alto contido en ácidos graxos omega-3.

1.1 Identificación dos investigadores

Investigador principal: Alberto Cepeda Sáez

Investigadora do centro Caser Residencial A Zapateira: Rosa Santiago Calviño, médica do centro xerontolóxico, con autorización para asinar o protocolo e as modificacións do protocolo.

Investigadora do centro residencial Torrente Ballester: Teresa Miranda Gelpi, médica do centro xerontolóxico, con autorización para asinar o protocolo e as modificacións do protocolo.

Investigador de Feiraco Sociedade Cooperativa Galega: Ismael Martínez Lede, director de I+D+i.

Outros investigadores: Samantha María Bouzas Cristóbal, José Manuel Miranda López e Ana Elizabeth Alves da Silva, membros do Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

1.2 Centros nos que se realizou o estudo nutricional

Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Veterinaria de Lugo, Laboratorio de Hixiene, Inspección e Control de Alimentos (LHICA)

Centro Caser Residencial A Zapateira (Culleredo, A Coruña)

Residencia de maiores Torrente Ballester (r/ Nao Victoria, 2, A Coruña)

2. INTRODUCCIÓN

A alimentación é un factor clave no mantemento tanto físico coma da condición cognitiva dos residentes xerontolóxicos. Considerando unha idade de inicio a partir dos 65 anos, é habitual que nos primeiros anos (ata os 70, aproximadamente) os residentes teñan unha marcada tendencia ao aumento de peso e á obesidade, debido á diminución que se produce na súa actividade física con motivo do cesamento da actividade laboral. Non obstante, a partir desa idade, é frecuente que os residentes sufran problemas de saúde relacionados coa desnutrición. Esta desnutrición aféctalle, ademais, de xeito moito máis intensivo á poboación anciá que se atopa institucionalizada ca á que leva unha vida independente (Gil, 1999; Soláns e col., 1999).

Estes problemas relacionados coa nutrición aparecen a miúdo na vellez como consecuencia dos malos hábitos alimentarios adoptados con anterioridade. Neste sentido, é un feito ben coñecido que, ademais dunha excesiva inxestión calórica e proteica, un dos desequilibrios dietéticos máis habituais nos países occidentais (incluída España) é unha inxestión graxa excesiva e desequilibrada, cun exceso de ácidos graxos saturados e poliinsaturados omega-6 e un déficit no consumo de ácidos graxos omega-3 e de ácido linoleico conxugado (CLA) (Miranda e col., 2010; Simopoulos, 1999).

Os efectos dunha inxestión graxa inadecuada sobre a condición física en xeral, a saúde cardiovascular ou sobre as enfermidades inflamatorias crónicas son feitos xa ben coñecidos e amplamente documentados, aínda que pouco estudados en residentes xerontolóxicos. Doutra banda, numerosos traballos retrospectivos amosan que unha inxestión graxa inadecuada inflúe de xeito marcado na aparición da dexeneración cognitiva dos residentes xerontolóxicos. De feito, varios traballos científicos demostraron que a influencia da alimentación, do ambiente ou de hábitos de vida é maior ca a da predisposición xenética, xa que, por exemplo, os afroamericanos ou xaponeses que viven nos Estados Unidos de América desenvolven esta síndrome cunha frecuencia moi superior á dos cidadáns da mesma idade que viven nos seus países (Solfrizzi e col., 2005). Deste xeito, diversos traballos atoparon relación entre una dieta con alto contido en graxa saturada e colesterol coa aparición da dexeneración cognitiva (Ortega e col., 1997; Kalmijn e col., 2004). Ademais, diversos autores sinalaron que unha dieta rica en ácidos graxos monoinsaturados ten un efecto protector fronte á dexeneración cognitiva (Solfrizzi e col., 1997; Panza e col., 2004). Con respecto aos ácidos graxos poliinsaturados, estes actúan dun xeito diferente, xa que mentres os ácidos graxos omega-3 producen unha diminución nos niveis circulantes de axentes protrombóticos, favorecedores da agregación plaquetaria, tromboxos e prostaglandinas, os ácidos graxos omega-6 presentan efectos protrombóticos e inflamatorios, polo que incrementan o risco de aparición desta síndrome (Gil, 2010).

Por outra banda, tanto o CLA coma o selenio están sendo focos dun grande interese entre os expertos en nutrición nos últimos anos, xa que o seu consumo produce efectos moi beneficiosos para a saúde. Deste xeito, o consumo de CLA ofrece un efecto cardioprotector, inhibidor da hipertensión, antitrombótico, anticarcinóxénico, antiinflamatorio e regulador da resposta inmune (Pariza, 2004). Ademais, mediante a súa acción sobre os encimas lipoproteínas lipases e carnitina palmitoil transferase, estes derivados axudan a reducir a masa graxa corporal e a aumentar a masa muscular. Pola súa parte, o selenio ten unha especial importancia entre a poboación en idade xerontolóxica, xa que ten unha grande importancia desde o punto de vista da prevención do cancro, de enfermidades cardiovasculares e, en xeral, de todas aquelas enfermidades relacionadas co estrés oxidativo. Deste xeito, un recente estudo demostrou que os niveis de selenio en plasma na poboación xerontolóxica están inversamente relacionados coa probabilidade de morte (Akbaraly e col., 2005).

É tamén un feito ben coñecido que un desequilibrio entre a achega de nutrientes ao organismo e as súas necesidades aumenta a morbilidade asociada ás enfermidades crónicas (Soláns e col., 1999), o que pode chegar a afectar a capacidade funcional e facer o ancián dependente para a realización das actividades da vida diaria (Stuck e col., 1999). Por este motivo, é de crucial importancia unha alimentación equilibrada, axeitada ás necesidades dos anciáns e que teña en conta as súas particularidades. A taxa metabólica basal sofre diminucións do 1-2% por década a partir dos vinte anos (Morga e Weinsier, 2000; Vega, 2002). Por este motivo, aconséllase de xeito xeral para persoas de idade avanzada unha redución na inxestión de 600 kcal en homes e de 300 kcal en mulleres con respecto ao consumo que tiñan na mediana idade, aínda que é certo que existen diferenzas dependendo do estilo de vida e da saúde destas persoas (Ausman e Russell, 1999; Perea e Navia, 2000). Deste xeito, é moi importante que as necesidades diarias dos residentes en centros xerontolóxicos sexan calculadas tendo en conta a súa especial situación persoal (idade, estado nutricional ou actividade física) e que se eviten na medida do posible os menús xenéricos típicos de cada zona, xa que a miúdo non son os máis adecuados para este tipo de persoas.

A pesar de que numerosos estudos probaron que existe relación entre unha inxestión de graxa e selenio adecuada e o mantemento da condición tanto física coma mental nas persoas con idade avanzada (Aparicio e col., 2010; González e col., 2010), na súa inmensa maioría trátase de estudos epidemiolóxicos retrospectivos, polo que existe un gran déficit de estudos de intervención prospectivos que confirmen esta relación (Solfrizzi e col., 2005). Así pois, o presente estudo ten como obxectivo, nunha primeira fase, comprobar a adecuación da dieta que actualmente se lles está a subministrar a residentes xerontolóxicos en centros galegos, de acordo coas recomendacións vixentes para a poboación española, publicadas pola Sociedade Española de Nutrición Comunitaria (SENC). Nunha

segunda etapa, procederase á corrección dos desequilibrios que se atopen na dieta actual. Este suplemento realizarase mediante a incorporación de alimentos con potenciais propiedades funcionais que están autorizados para a súa comercialización en España e que forman parte da dieta tradicional galega. Polo tanto, non existe ningunha evidencia ou indicio de que a intervención poida levar consigo ningún risco para a saúde das persoas sometidas á intervención, dado que se previrá o risco de que os alimentos subministrados no marco do ensaio poidan causar reaccións de intolerancia ou alerxia alimentaria mediante a realización dun cuestionario previo aos participantes no ensaio sobre o historial de intolerancia ou alerxias coñecidas. O único risco que pode supoñer a intervención nutricional sobre os pacientes redúcese ao pequeno estrés ou incomodidade que poida implicar para os residentes a medición das diversas dimensións corporais que está previsto que se tomen, así como as extraccións de sangue previas á súa análise. Non obstante, a participación no ensaio será voluntaria e todas as extraccións e operacións serán realizadas por persoal sanitario autorizado baixo supervisión médica.

Tal e como xa se mencionou anteriormente, unha inxestión graxa adecuada supón moitos beneficios para o organismo, tanto a nivel físico coma a nivel da condición cognitiva dos residentes. Deste xeito, é de esperar que os suxeitos sometidos á intervención manteñan mellor a súa condición física e cognitiva. Así mesmo, é de esperar que unha alimentación máis equilibrada reduza tanto o risco de obesidade coma de malnutrición, mellorando a mobilidade e a independencia funcional dos residentes xerontolóxicos.

3. PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN E MÉTODOS SEGUIDOS

3.1 Valoración da alimentación recibida e suplemento posterior

Para este fin, as necesidades de inxestión calórica determinaranse multiplicando o gasto basal por un coeficiente de actividade desenvolvida (FAO, 2004). Para calcular o gasto basal, utilizaranse as fórmulas propostas pola Organización Mundial da Saúde (OMS, 1985) para persoas maiores de 60 anos, tendo en conta o peso e o sexo:

Homes: [13,5 * peso (kg)] + 487 kcal

Mulleres: [10,5 * peso (kg)] + 596 kcal

O coeficiente de actividade polo cal é necesario multiplicar o gasto basal é (OMS, 1985):

Táboa 1. Coeficientes de actividade segundo a Organización Mundial da Saúde

	Encamados	Lixeira	Moderada	Alta
Homes	1,20	1,55	1,78	2,10
Mulleres	1,20	1,56	1,64	1,82

Como xa mencionamos anteriormente, ademais da inxestión calórica, prestarase unha atención especial neste ensaio ao consumo de graxa, o cal se axustará ás recomendacións actuais para a poboación española publicadas pola SENC e a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), que son, no referente á graxa alimentaria:

Táboa 2. Recomendacións dietéticas de inxestión de lípidos segundo a Sociedade Española de Nutrición Comunitaria

RECOMENDACIÓNS DIETÉTICAS DE INXESTIÓN DE LÍPIDOS	
LÍPIDOS	30-35% kcal totais
Ácidos graxos saturados (AGS)	< 7-10% kcal totais
Ácidos graxos monoinsaturados (AGM)	> 13% kcal totais
Ácidos graxos poliinsaturados (AGP)	< 10% kcal totais
(AGP+AGM)/AGS	> 2
Colesterol	< 300 mg/día
Ácidos graxos trans	< 6 g/día
Ácidos graxos omega-3	0,2-2 g/día
Ácidos graxos omega-6/omega-3	2-4

Para a determinación exacta da adecuación da dieta actual, primeiro analizárase a composición nutricional da dieta que se lles está a subministrar aos residentes participantes no ensaio. Esta determinación realízase para os alimentos sinxelos mediante a composición publicada en táboas de composición de alimentos, coma as da Sociedade Española de Hipertensión (SEH). Para os alimentos procesados, nos que non exista unha información nutricional fiable publicada, a composición lipídica determinarase no Laboratorio de Hixiene, Inspección e Control de Alimentos (LHICA) da Facultade de Veterinaria de Lugo mediante técnicas analíticas descritas posteriormente.

Dado que un dos problemas que afecta con maior frecuencia os anciáns e que acotío causa problemas de malnutrición son os defectos na mastigación, trátase de ofrecer os nutrientes requiridos nunha parte importante mediante alimentos líquidos, tales como leites enriquecidos. Para o resto dos nutrientes, utilizaranse alimentos típicos da gastronomía galega.

O período de observación e toma de mostras será como mínimo de 2 meses, xa que, debido ao especial metabolismo dos suxeitos sometidos a ensaio, é preciso unha modificación durante un período prolongado para poder obter beneficios contrastables. Non obstante, co fin de reducir ao mínimo o estrés dos residentes xerontolóxicos que se sometan a este estudo, a toma de mostras sanguíneas, as medidas corporais e o test de situación cognitiva realizaranse só ao principio do ensaio e ao final, sempre por persoal sanitario autorizado e baixo supervisión médica.

3.2 Descrición da poboación que se vai estudar

Os suxeitos son voluntarios, recrutados no centro Caser Residencial A Zapateira (Culleredo, A Coruña) e na residencia de maiores Torrente Ballester (A Coruña) entre os membros que asinen a declaración de conformidade e amosen a súa disposición a seguir as pautas recomendadas polos expertos en nutrición durante un período de polo menos seis meses.

A idade mínima para participar no ensaio é de 65 anos.

A cada suxeito aplícanse os criterios de selección e exclusión descritos máis adiante, co fin de asegurar que a modificación da súa alimentación non supón risco ningún para el e que non padece enfermidades nin trastornos que poidan terxiversar os resultados obtidos no presente estudo.

3.3 Período de estudo

O estudo lévase a cabo ao longo do segundo semestre do ano 2011 e do primeiro trimestre de 2012. Posteriormente, procédese á recollida de resultados do ensaio e ao tratamento estatístico dos datos obtidos, á elaboración de resultados e á redacción das conclusións. En primeiro lugar, tomaranse medidas antropométricas e mostras de sangue, que serán repetidas pasados 5-6 meses para comprobar que a situación dos residentes é estable. Posteriormente, analízase a dieta dos residentes e compárase coas recomendacións vixentes para a poboación española. Unha vez determinada a idoneidade da dieta e durante un mínimo de dous meses, os suxeitos recrutados serán sometidos á intervención nutricional. Só se considerarán os resultados obtidos atribuíbles á intervención nutricional se se atopan diferenzas estatisticamente significativas en parámetros que non varíasen entre as dúas tomas de mostras previas ao inicio da intervención.

3.4 Selección de suxeitos

Os suxeitos serán voluntarios recrutados entre os residentes do centro Caser Residencial A Zapateira e a residencia de maiores Torrente Ballester. A idade dos suxeitos será superior aos 65 anos. A cada suxeito aplícanse os criterios de selección, exclusión e demándaselle a aceptación do consentimento informado e o seu compromiso de seguimento da alimentación proposta polo menos durante o período sinalado polos expertos en nutrición do LHICA.

3.5 Criterios de inclusión establecidos

- Compromiso de manter a alimentación recomendada durante polo menos o período estipulado polos expertos en nutrición responsables do estudo.
- Sinatura do consentimento informado para recollida de medidas antropométricas, resultado do test de condición cognitiva, mostras de sangue e uso de todos os datos obtidos segundo a lei vixente de protección de datos persoais.
- Idade mínima de 65 anos.

3.6 Criterios de exclusión establecidos

- Percentil de índice de masa corporal inferior ao 10% para a súa idade.
- Accidente cardiovascular nos últimos cinco anos.

- Diagnóstico previo de cancro.
- Presenza de enfermidades que poidan afectar de xeito importante a dixestión, absorción ou utilización de nutrientes, tales coma a cirrose hepática ou a pancreatite.
- Intolerancia ou alerxia alimentaria recoñecida aos alimentos que poidan ser utilizados no ensaio para adecuar a dieta ás recomendacións dos expertos en nutrición (principalmente leite, peixe e froitos secos).

3.7 Criterios de retirada dos suxeitos

- Poderanse retirar en calquera momento que suceda o evento motivo da interrupción.
- Negativa a seguir as pautas alimentarias marcadas polos expertos.
- Cambio da situación persoal que implique un incumprimento dos criterios de inclusión establecidos.

3.8 Xustificación do tamaño da mostra

Dispoñer dun mínimo de 18 suxeitos (9 por centro) permitiríanos detectar diferenzas entre un 100% e un 45% nos diferentes parámetros sanguíneos estudados, cunha seguridade do 95%, un poder estatístico do 80%, asumindo unha formulación bilateral e estimando ata un 20% de perdas de información. No caso de non obter os suficientes voluntarios para acadar ese número, o estudo realizarase co número de suxeitos posibles.

3.9 Medicións e intervencións

As variables principais nas que se enfoca o estudo abarcan tanto o test de detección de dexeneración cognitiva máis empregado para a realización deste estudo coma as antropométricas máis empregadas na valoración nutricional, así como o lipograma ou parámetros hemáticos e bioquímicos en sangue. As variables que hai que estudar nos suxeitos serán:

- Peso
- Talle
- Circunferencia do brazo

- Circunferencia da cintura
- Circunferencia da cadeira
- Pregue cutáneo bicipital
- Pregue cutáneo tricipital
- Índice de masa corporal
- Índice cintura-cadeira
- Reconto de hemacias
- Hemoglobina
- Índice hematócrito
- Volume corpuscular medio
- Hemoglobina corpuscular media
- Concentración de hemoglobina corpuscular media
- Leucocitos totais e fraccións
- Plaquetas e volume plaquetar medio
- Velocidade de sedimentación
- Triglicéridos
- Colesterol total
- Lipoproteínas (HDL-C; VLDL-C; LDL-C)
- Proteínas séricas totais
- Albumina
- Creatinina
- Glicosa
- Homocisteína total
- Velocidade de sedimentación
- Proteína C reactiva
- Por outra parte, nos alimentos subministrados aos suxeitos estudarase:
- Composición en macronutrientes (proteínas, hidratos de carbono, graxas, extracto seco e cinzas)
- Perfil lipídico

As medicións antropométricas realizaranse preferiblemente cos suxeitos de pé, aínda que, no caso de que teñan dificultade para se levantaren, se procederá á estimación da altura corporal mediante a medición da lonxitude da tibia. As tomas de medidas antropométricas foron realizadas na sede da propia empresa por parte de persoal desprazado polo LHICA, xa sexa de xeito manual ou ben por medio dun equipo medidor de bioimpedancia Inbody 320.

As medicións foron realizadas a primeira hora da mañá, antes de que as persoas participantes no estudo inxerisen ningún alimento ou líquido que puidese interferir nos resultados obtidos, ou ben transcorrido un mínimo de catro horas desde a última inxestión de líquidos e alimentos.



Figura 1. Imaxe do medidor de bioimpedancia InBody 320

Composición Corporal

	Bajo	Normal	Alto	UNIDAD %	Valor Normal
Peso	55 70 85 100 115 130 145 160 175			75,7 kg	51,6 ~ 69,8
MME Masa Muscular Esquelética	70 80 90 100 110 120 130 140 150			30,3 kg	23,2 ~ 28,3
Masa Grasa Corporal	40 60 80 100 160 220 280 340 400			21,9 kg	12,1 ~ 19,4
ACT Agua Corporal Total	39,5 kg (30,9 ~ 37,8)		MLG Masa Libre de Grasa	53,8 kg (39,4 ~ 50,4)	

Diagnóstico de Obesidad

	Valores	Valor Normal	
IMC Índice de Masa Corporal	26,8	18,5 ~ 25,0	$IMC = \frac{\text{Peso, kg}}{(\text{Estatura, m})^2}$
PGC Porcentaje de Grasa Corporal	28,9	18,0 ~ 28,0	$PGC = \frac{\text{Grasa, kg}}{\text{Peso, kg}} \times 100$
RCC Relación Cintura-Cadera	0,97	0,75 ~ 0,85	$RCC = \frac{\text{Circunferencia de Cintura, cm}}{\text{Circunferencia de Cadera, cm}}$
MB Metabolismo Basal	1533	1503 ~ 1755	

Control de Músculo y Grasa

Control de Músculo	0,0 kg	Control de Grasa	- 5,8 kg
--------------------	--------	------------------	----------


Masa Magra Segmental

Masa Magra
Evaluación



Grasa Segmental

PGC
Masa Grasa
Evaluación



* Grasa segmental estimado.

Impedancia

Z	BD	BI	TR	PD	PI (Ω)
20kHz :	280,7	281,1	33,7	270,0	204,4
100kHz :	262,5	257,4	11,4	305,3	155,4

* Utilice sus resultados como referencia cuando consulte a su médico o entrenador personal.

Planificador de ejercicios

Planifique sus ejercicios semanalmente de acuerdo con lo siguiente y calcule su pérdida de peso con esas actividades.

Gasto de energía en cada actividad (peso base : 75,7kg / Duración:30 min./unidad: kcal)

Caminata 151	Trote 265	Bicicleta 227	Natación 265	Alpinismo 247	Aeróbic 265
Ping pong 171	Tenis 227	Fútbol 265	Esgrima oriental 379	Gateball 144	Badminton 171
Racketball 379	Taekwondo 379	Squash 379	Baloncesto 227	Saltar la cuerda 265	Golf 133
Pectorales desarrollo de la parte superior del cuerpo	Abdominales Entrenamiento del músculo abdominal	Entrenamiento con pesas Prevención del dolor de espalda	Ejercicios con mancuernas Fuerza muscular	Banda elástica Fuerza muscular	Sentadillas Mantenimiento de los músculos inferiores del cuerpo

• Cómo hacer

1. Elija las actividades que practica y prefiere de la izquierda.
2. El gasto de energía se calcula cuando se realiza durante 30 min.
3. Elija los ejercicios que va a realizar durante 7 días.
4. Calcule el total del gasto de energía en una semana.
5. Calcule el total de la pérdida de peso deseado durante un mes utilizando la fórmula que se muestra a continuación.

Cálculo del total de la pérdida de peso deseado durante un mes (un mes = 4 semanas)

Total del gasto de energía (kcal/semana) × 4 semanas ÷ 7700

• Ingesta calórica recomendada por día

1600 kcal

Figura 2. Resultado das medidas de bioimpedancia obtidas nun dos participantes no estudo

3.10 Análise nutricional dos alimentos subministrados

Os alimentos comercializados como tal (por exemplo, iogur ou mazá) e que contén con datos fiables publicados en bases de datos coma a da SEH serán incluídos a partir dos datos publicados. Todos aqueles que sexa necesario cociñar (que poida modificar a súa composición) ou mesturar varios ingredientes analizaranse por medio das técnicas analíticas que se describen a continuación.

3.10.1 Humidade e extracto seco (ref. ISO-R1442)

Material e aparatos

- Estufa de desecación a 102 °C (Selecta)
- Cápsulas de porcelana
- Baño de auga (Mettler)
- Desecador PYREX
- Balanza analítica modelo GA-200 (Ohaus)
- Material de vidro de uso en laboratorio

Reactivos

- Etanol ao 95% (Panreac)
- Area de mar lavada de gran fino (Sharlau)

Procedemento

Primeiramente desécase a cápsula de porcelana cunha cantidade de area de mar, lavada e de gran fino e cunha vara de vidro. Mantense na estufa a 102 ± 2 °C durante 30 segundos. Enfríase nun desecador ata que alcance a temperatura ambiente e pésase o conxunto. Introdúcese na cápsula un peso aproximado de 5 g de mostra e pésase de novo. Engádense 5 ml de etanol ao 95% e reméxese coa vara de vidro. Posteriormente, introdúcese na estufa e mantense nesta durante 24 horas a 102 ± 2 °C. A seguir, retírase a cápsula, enfríase nun desecador a temperatura ambiente e despois pésase. Repítense as operacións anteriores ata que o peso da mostra sexa constante.

Cálculos

$$\% \text{ humidade} = \frac{P_2 - P_3}{P_2 - P_1} \times 100$$

sendo:

P_1 = peso en g da cápsula baleira

P_2 = peso en g da cápsula coa mostra

P_3 = peso en g da cápsula coa mostra desecada

O contido (%) en extracto seco (ES) da mostra calcúlase mediante a seguinte fórmula:

$$\% \text{ ES} = 100 - \% \text{ humidade}$$

3.10.2 Proteína (ref. ISO R-937)

Material e aparatos

- Dixestor con capacidade para seis tubos BUCUI B-426RD
- Tubos Kjeldhal de 350 ml
- Destilador BUCHI
- Balanza analítica METTLER AE 2005 núm. 82929
- Perlas de vidro
- Material de vidro de uso en laboratorio

Reactivos

- Catalizador en pastillas con 5 g de sulfato potásico e 0,005 g de selenio por unidade (Thompson & Capper)
- Ácido sulfúrico ao 96% (Merck)
- Auga destilada

- Hidróxido sódico ao 33% (Panreac)
- Ácido bórico ao 40% (Probus)
- Ácido clorhídrico 0,1 N de factor coñecido (Panreac)
- Indicador mixto, preparado por disolución de 2 g en vermello de metilo (Panreac) e 1 g de azul de metileno (Panreac) en 1000 ml de auga destilada

Procedemento

Introdúcense sucesivamente no tubo Kjeldahl dúas pastillas de catalizador e a cantidade de mostra pesada. Engádense 25 ml de ácido sulfúrico ao 96% e mestúranse suavemente. Cando o líquido está transparente, retírase o matraz e déixase que acade a temperatura ambiente. Engádense con precaución 100 ml de auga destilada e disólvese axitando o sulfato potásico que puidese cristalizar.

Nun matraz Erlenmeyer de 250 ml introdúcense 25 ml de ácido bórico ao 4% e unhas gotas de indicador mixto co fin de que adquira unha coloración violeta. O matraz sitúase no destilador para recoller o destilado. Colócase o tubo Kjendahl no destilador de maneira que quede perfectamente axustado. Agréganse ao tubo 100 ml de hidróxido sódico ao 33%. Destíllase ata alcanzar 150 ml de destilado no matraz Erlenmeyer, co que se produce un cambio a cor verde. Retírase o matraz e o destilado valórase con ácido clorídrico 0,1 N ata a coloración violeta orixinal. Efectúase unha proba en branco en cada ensaio, substituíndo a mostra por 5 ml de auga destilada, seguindo o mesmo procedemento.

Cálculos

Os cálculos para determinar a porcentaxe de nitróxeno total realízanse da seguinte maneira:

$$\% \text{ nitróxeno total} = [(V_m - V_b) \times N \times f \times 1,4]/M$$

sendo:

V_m = volume en ml de HCl gastado pola mostra

V_b = volume en ml de HCl consumido polo branco

N = normalidade do HCl

f = factor de normalidade do HCl

M = peso en gramos da mostra

O contido en proteínas (%) calcúlase a partir do contido en nitróxeno total:

$$\% \text{ proteínas} = N_t \times 6,25 \text{ (factor aplicable a produtos cárnicos e da pesca)}$$

sendo:

N_t = contido en nitróxeno total

3.10.3 Graxa (ref. ISO-1443)

Principio

Extracción da materia graxa da mostra previamente hidrolizada e desecada, utilizando como disolvente éter de petróleo que logo se elimina por evaporación, desecación do residuo e posterior pesada despois de arrefriar. Utilízase o extractor semiautomático Soxtec (Tecator), baseado no procedemento Soxhlet.

Material e aparatos

- Unidade de extracción Soxtec Tecator 1043
- Unidade calefactora Soxtec Tecator 1046
- Cartuchos de celulosa de 22 mm de diámetro (Tecator)
- Recipientes de aluminio para a extracción (Tecator)
- Estufa eléctrica (Selecta)
- Balanza analítica modelo GA-200 (Ohaus)
- Desecador PYREX
- Papel de filtro (Albet)
- Material de vidro de uso no laboratorio (Afora)

Reactivos

- Ácido clorhídrico 3N (Panreac)
- Papel indicador pH1-11 (Panreac)
- Éter de petróleo (Panreac)

Procedemento

Pésanse 10 g de mostra fresca e introdúcese nun cartucho de extracción (a extracción realízase no Soxtec co éter de petróleo durante catro horas). A graxa extraída desécase en estufa durante media hora a 102 °C. Posteriormente, arrefríase o recipiente coa graxa no desecador a temperatura ambiente e pésase. Nesta primeira etapa, obtense a graxa antes da hidrólise.

Posteriormente, tómase a mostra do cartucho de celulosa e introdúcese nun Erlenmeyer de 500 ml. Añádense 60 ml de ácido clorhídrico 4 N. A continuación, sométese a ebulición durante unha hora. Déixase arrefriar e fíltrase sobre un filtro dobre. Posteriormente, lávase o residuo con auga destilada fría ata a desaparición da reacción ácida (compróbase con papel indicador). O papel de filtro que contén o residuo desécase durante unha hora e media en estufa a unha temperatura de entre 95 e 98 °C.

Unha vez feito isto, sácase da estufa e, unha vez frío, introdúcese de novo nun cartucho de extracción. A extracción lévase a cabo no equipo Soxtec con éter de petróleo durante outras catro horas. A graxa recollida nos recipientes de aluminio desécase en estufa durante media hora a 125 °C. Posteriormente, déixase o recipiente coa graxa a temperatura ambiente no desecador e despois pésase e así obtense a graxa extraída tras a hidrólise ácida.

Cálculos

O cálculo da porcentaxe de graxa tanto antes coma despois da hidrólise ácida realízase pola diferenza de peso do recipiente no que se recolle.

$$\% \text{ graxa} = [(P_2 - P_1)_{\text{a.h.}} + (P_2 - P_1)_{\text{d.h.}}] / M$$

sendo:

P_1 = peso en g do recipiente de recollida baleiro

P_2 = peso en g do recipiente coa graxa

a.h. = antes da hidrólise

d.h. = despois da hidrólise

M = peso en g da mostra

3.10.4 Cinzas (ref. AOAC, 2002)

Principio

Determinanse mediante a calcinación da mostra fresca nunha mufla a 550 °C.

Materiais e aparatos

- Cápsulas de porcelana
- Mufla modelo SNOL 8.2/1100-1 (Umega)
- Desecador PYREX
- Balanza analítica modelo GA-200 (OHAUS)

Procedemento

Previamente, calcínanse as cápsulas nas mesmas condicións ás que se vai someter a mostra, arrefríanse no desecador ata temperatura ambiente e pésanse na balanza analítica (P_1).

Unha vez obtidas as taras, pésanse sobre elas aproximadamente 2 g de mostra liofilizada e calcínase a 550 °C ata a obtención de cinzas brancas ou branco-grisáceas. Arrefríanse de novo no desecador ata alcanzar a temperatura ambiente e posteriormente pésanse (P_2). Os resultados serán expresados en porcentaxe de materia seca.

Cálculos

As cinzas determinanse mediante a seguinte expresión:

$$\% \text{ de cinzas} = [(P_2 - P_1)/W] \times 100$$

sendo:

W: peso en g da mostra fresca

P_1 : peso en g da cápsula baleira

P_2 : peso en g da mostra calcinada

3.10.5 Hidratos de carbono (ref. Allison e Senti, 1983)

Calculamos a cantidade de hidratos de carbono restándolle ao total de extracto seco a cantidade determinada polos métodos anteriormente descritos para os casos da proteína, graxa e cinzas.

3.10.6. Calorías (ref. Allison e Senti, 1983)

Realizamos o cálculo correspondente segundo a metodoloxía descrita por Allison e Senti (1983), consistente en realizar o cálculo segundo se describe a continuación:

- $\text{g de graxa} / 100 \text{ g mostra} \times 9 = \text{kcal en } 100 \text{ g achegadas pola graxa}$
- $\text{g de proteína} / 100 \text{ g mostra} \times 4 = \text{kcal en } 100 \text{ g achegadas pola proteína}$

No referente aos hidratos de carbono, realízase unha lixeira modificación con respecto á metodoloxía proposta por Allison e Senti:

- $\text{g de HC} / 100 \text{ g mostra} - \text{g de fibra dietética} / 100 \text{ g mostra} \times 4 = \text{kcal en } 100 \text{ g achegadas polos HC}$
- $\text{g de fibra dietética} / 100 \text{ g mostra} \times 2 = \text{kcal en } 100 \text{ g achegadas pola fibra dietética}$

Para:

HC = hidratos de carbono

A cantidade de kcal totais para 100 de mostra obtense mediante a suma das kcal achegadas pola graxa, a proteína, os hidratos de carbono e a fibra dietética presentes na mostra.

3.10.7 Perfil lipídico (Bligh e Dyer, 1959)

Equipos e material

- Cromatógrafo de gases con detector de ionización de chama (FID)
- Columna capilar DB-WAX
- Forno de mufla (Hobersal)
- Baño termostático (Memmert)
- Evaporador TurboVap® (Zymarck)

- Centrífuga H-103N (Kokusan)
- Micropipetas (Eppendorf)
- Axitador Vibramix (Ovan)
- Microxiringas (Hamilton)
- Material de vidro Pirex (Afora)

Reactivos

- Ácido sulfúrico ao 96% (Panreac)
- Metanol para cromatografía en fase líquida (Merck)
- N-Hexano para cromatografía en fase líquida (Merck)
- Acetona para cromatografía en fase líquida (Merck)
- Hidróxeno para cromatografía en fase líquida (Merck)

Extracción

Primeiramente, debemos obter material libre de graxa, o que conseguimos lavando este material con acetona en baño de ultrasóns e, posteriormente, introducindo este material en forno a 400 °C durante 12 horas.

Con este material, procedemos a realizar a extracción da graxa presente na mostra mediante o seguinte procedemento:

- Introducir a mostra en sulfúrico-metanol ao 2,5%.
- Quentar en baño termostático a 80 °C durante unha hora.
- Realizar a dilución correspondente segundo a cantidade de mostra engadida e o contido en graxa desta previamente determinada ata obter unha cantidade de 120 µg de graxa.
- Engadir 0,4 ml de hexano e 3 ml de auga MilliQ.
- Axitar en vórtex durante cinco minutos.
- Centrifugar 10 minutos a 2000 rpm.
- Extraer sobrenadante e depositalo nunha vía dun ml.
- Desecalo e resuspender nun ml de hexano.
- Extraer un µl desta dilución e prodecir á súa inxección no cromatógrafo de gases.

Cuantificación

A cuantificación de ácidos graxos en forma de ésteres metílicos así obtidos realízase utilizando un cromatógrafo de gases equipado cun detector de ionización de chama (FID) (figura 3), empregando unha columna capilar DB-WAX (30 m X 0,25 m, id., 0,25 μ m de espesor da película). A inxección realízase en modo splitless. Para o inxector e o detector empréganse temperaturas de 230 °C e 250 °C, respectivamente. Utilízase hidróxeno como gas portador a un fluxo de 1,9 ml/min.

A identificación dos ésteres metílicos de ácidos graxos das mostras realízase por comparación co tempo de retención dun patrón dunha mestura de ácidos graxos inxectados previamente (figura 4). A recuperación calcúlase mediante a adición dunha cantidade coñecida dun patrón interno (C:23:0), que non está presente na mostra de xeito natural.

Determinacións

Unha vez obtidas as áreas correspondentes e corrixidas polo factor de recuperación e inxección correspondente ao patrón interno, realízanse os cálculos dos distintos tipos de ácidos graxos e exprésase o resultado en porcentaxe destes sobre o total obtido na mostra.

Calculamos a porcentaxe obtida de DHA (C22: 6n-3) e EPA (C20: 5n-3) sobre o total de ácidos graxos obtidos. A suma destes dous parámetros considerarémola como “porcentaxe de ácidos graxos omega-3 sobre o total”.

Así mesmo, calculamos tamén a porcentaxe de ácidos graxos saturados, monoinsaturados e poliinsaturados presentes na mostra mediante a suma de todos os ácidos graxos pertencentes a cada grupo e posteriormente determinamos a relación ácidos graxos omega-6/ácidos graxos omega-3.



Figura 3. Cromatógrafo de gases Hewlett-Packard 6890




Figura 4. Resultado da análise nutricional e cromatograma obtido a partir dunha mostra alimentaria

3.11 Selenio en sangue e uñas dos pacientes (ref. AOAC, 2002)

Para determinar a efectividade do selenio achegado mediante o suplemento dietético, estudouse a súa concentración tanto en soro sanguíneo (efecto rápido do suplemento), como en mostras de uñas dos pés (efecto a longo prazo do suplemento dietético).

Equipos e material

- Mufla modelo SNOL 8.2/1100-1 (Umega)
- Filtro de teflón para mostrexador de alto volume
- Espectrofotómetro de absorción atómica (Perkin Elmer)
- Placa calefactora (Thermolyne)
- Axitador magnético (Ovan)
- Balanza analítica modelo GA-200 (OHAUS)
- Micropipetas de capacidade variable (Eppendorf)
- Balanza granatario, serie TE1502S (Sartorius)
- Conxelador (Lhiebbber)

Material funxible utilizado

- Material de vidro Pyrex
- Guantes de nitrilo (Merck)

- Papel de filtro (Resma)
- Puntas para micropipeta (Eppendorf)
- Papel secamáns
- Máscaras PVR102 con válvula (Marvel)

Reactivos

- Ácido nítrico 65% (Panreac)
- Ácido clorhídrico fumante 37% (Merck)
- Auga desmineralizada (MilliQ)
- Cloruro sódico calidade analítica (Panreac)
- Merck IV multi-element standard (Merck)

Para realizar estas determinacións, lavouse todo o material con ácido nítrico ao 20% e logo aclarouse tres veces con auga destilada e tres veces con auga MilliQ.

Obtención da recta de calibración

Para preparar as disolucións patrón, antes sécase o patrón cos elementos (Merck IV multi-element standard) que se van determinar en estufa a 110 °C durante dúas horas e despois arrefríanse nun desecador. Con estes patróns de elementos, prepárase unha disolución nai dun mg/ml e a partir desta foron preparadas as disolucións que se utilizaron para obter a recta de calibración, de 0,00003; 0,0001; 0,0003; 0,0005 e 0,001 mg/ml.

O branco prepárase diluíndo 2 ml de HCL fumante ao 50% ata 100 ml con auga destilada.

Tratamento da mostra

Para realizar a determinación dos distintos minerais, partiuse das cinzas obtidas polo método descrito no parágrafo correspondente. As ditas cinzas foron resuspendidas con 15 ml de ácido clorhídrico fumante ao 50%, quentadas durante 5 m e posteriormente filtradas a un matraz aforado de 100 ml utilizando un papel de filtro lavado con ácido. Lavouse o residuo e o filtro tres veces con auga destilada e finalmente enrasouse a 100 ml. Desta disolución tomouse unha alícuota dun ml e levouse a 100 ml con auga destilada, esta última disolución foi a que se empregou para realizar a medición.

O contido dos distintos minerais das mostras, os brancos e patróns empregados

determinouse por espectrofotometría de absorción atómica (AAS) con chama de aire-acetileno. Xunto con cada un dos lotes de mostrase xuntouse unha mostra de branco de reactivos, branco de extracción e un patrón extraído. Todas as determinacións foron realizadas por triplicado, tomando como valor final a súa media aritmética.

Cálculos

